

LECTURA


Super PEPO e o caso do ensuciador misterioso



“**H**oxe é un día importante, futuras e futuros Súper Heroes, tedes por diante un duro traballo. É o voso último curso na Academia de Jotam e despois de graduavos teredes que aplicar os vosos coñecementos no mundo real. Ás veces cometeredes erros pero, non esquezades, que os auténticos Súper Heroes non son os que nunca se equivocan, senón os que, cando se equivocan saben recoñecelo e buscan unha solución.”

Cando a Directora da Academia rematou o seu discurso, as pernas empezáronme a tremer. Crin que non ía ter forzas para erguerme da cadeira do nervioso que me puxen! O último curso na Academia de Súper Heroes! Que responsabilidade!

Preocupábame non me decatara de quen podía necesitar axuda ou non saber como axudar. Non obstante, o que aprendín ese ano servíame para non me volver sentir asustado e aplicaríao sempre en todas as miñas misións: **un auténtico Súper Heroe nunca actúa en solitario.**





Vouvos contar o que me pasou hai unhas semanas:

A min encántanme os libros de detectives; como recompilan todas as pistas e pensan e pensan ata que descubren que sucedeu e quen o fixo é tan emocionante! Para min, o seu traballo é parecido ao noso, ao dos auténticos Súper Heroes, sempre pendentes do que acontece, analizando o que vemos e... ¡zas! Actuando cando entendemos todo.

Sen esperalo, os meus amig@s e eu tivemos que investigar un caso. Resolvelo custounos moito traballo pero conseguímolos porque formamos un bo equipo!

Unhas semanas antes, mentres estaba sentado nun banco do parque lendo a última aventura do Detective Serlo Gómez, escoitei unha muller que dicía:

- ¡Este parque cada vez está máis sucio! Quen serán os responsables? Que vergoña!

Ao oír esas palabras o meu cerebro de detective púxose en marcha Debía descubrir máis cousas sobre ese caso que tiña diante dos meus ollos! Pechei o libro, saquei o meu Caderno de Pistas e comecei a investigación.

Deseguida me decatei que as cousas eran peor do que imaxinara. O primeiro que descubrín foi que había un montón de papeis e plásticos tirados por todo o parque e papeleiras cheas de lixo arredor.

- Terá estado a adestrar un equipo ó “lixocesto”?

Un anaco de palmeira de chocolate chamou a miña atención:

- Ahá! Os culpables ademais de sucios, desperdician alimentos. Hai pouco tempo que marcharon porque aínda non hai formigas e elas son moi rápidas detectando comida-. Mirei arredor pero non encontrei a ninguén.

Decidín ir cara á zona do regato. Polo camiño vin montóns de excrementos de can. Cando cheguei encontreime co desastre... no fondo acumulábanse refugallos de todo tipo, sobre todo latas!

E un dos indicios máis terribles, pilas gastadas! Repasei as miñas anotacións moi preocupado:

- Papeis e plásticos polo chan; excrementos de can; desperdicios de comida; auga contaminada. Isto é o traballo dun ou unha auténtic@ profesional! Necesito os meus apuntamentos da Academia!

Funme para a casa e collín o meu Caderno. Pasei as páxinas á présa e aí estaba! O Tema 3: Os Súper Viláns. Os principais inimigos dun/ha auténtic@ súper heroe! A profe entregáranos, ademais, as fichas de cada un con toda a información sobre os seus obxectivos e o seu xeito de actuar, mireino todo. Ao día seguinte cheguei ao cole o primeiro tiña que contalos todo aos meus amigos e amigas, necesitaba a súa axuda!

No grupo tiñamos un contrasinal secreto para convocar reunións de urxencia, se escoitabamos a clave xa sabiamos que se trataba dun asunto de máxima importancia. Durante a primeira clase pasei a tod@s unha folla; Reunión no recreo Código: “Delta 5”.



- Que pasa Pepo? -preguntou Emma- Por que activaches o Delta 5?
- É moi grave? Estamos preocupados -dixo Irene.
- Si cóntanolo xa! Estamos moi intrigados -dixo Ignacio.
- Un dos Súper Viláns está a facer das súas. Encheu o noso parque de lixo e contaminou o regato. Temos que identificalo e detelo -dixen.
- Un dos Súper que? -dixo Emma.

Conteilles todo o que descubrira e faleilles dos Súper Viláns. Colguei as súas fichas na lousa como nas series da tele!:

- Os Súper Viláns son seis, repasaremos como actúa cada un e así localizaremos ao noso culpable.

Os tres escoitábanme con moita atención e tomaban notas nos seus cadernos:

- Primeira sospeitosa: A Fada Ry Keza. Percorre o planeta no seu coche “Kpital” absorbendo a riqueza do mundo e xerando desigualdade por onde pasa.
- Que malvada! -dixo Irene- O que fai é horrible pero non creo que estea relacionada co desastre do parque.

Tod@s estabamos de acordo.

- Seguinte sospeitoso: Capitán Dilapidación. O seu obxectivo é conseguir que millóns de persoas non coman cada día. Co seu potente aspirador “Carcomida” traga toneladas de alimentos que expulsa en forma de lixo. Un momento, el podería ser o responsable! -dixo Ignacio- Dixeches que había desperdicios de comida polo chan.
- É certo que encontrei algúns restos de comida, pero eran moi poucos, creo que necesitaríamos probas máis evidentes para pensar que é el, que vos parece se continuamos coñecendo o resto? Seguro que nos axuda.
- O seguinte chámase Petrolex e trata de convencernos de que podemos utilizar, sen límites, os recursos que a Terra nos ofrece e de que contaminemos todo ao noso paso.
- Todo! -dixo Emma- iso inclúe os nosos bosques, os nosos mares, os nosos ríos... os nosos parques!

Todos nos miramos cos ollos como pratos:

- Témololo! -dixo Ignacio- El é o noso Súper Vilán!
- Pero hai máis. Os Súper Viláns nunca actúan sos, necesitan a axuda de outr@s para realizar as súas accións -dixen.



Encontráramolo, pero non sabemos que tiñamos que facer para detelo e recuperar o noso parque!

- A miña profe da Academia de Súper Heroes axudaranos -dixen.

Esa tarde, mentres lle contaba todo, ela escoitoume moi seria e ao rematar quedei mirándoa:

- Moi ben Pepo. Identificastes correctamente o Vilán co que nos enfrentamos. E que se che ocorre facer agora?

- Como? Que se me ocorre? Pero profe... iso é o que viñera a preguntarte!

- ¡Ah, non Pepo! Xa estás no último ano de Academia. A partir de agora debes enfrentarte aos problemas ti só poñendo en práctica todo o que aprendiches estes anos.

- Xa o sei profe, pero ás veces non é nada doado.

Volvía á casa ensimesmado mentres comía unha mandarina. Tiña un montón de cascas na man e non vía ningunha papeleira, así que ao pasar ao lado dunha árbore tireinas na terra.

- Oe neno! -berroume unha señora moi enfadada- as cascas de mandarina non se tiran ao chan!

Volvinme e quixen dicirle que non vía papeleiras, e que aí non molestaban e que eran biodegradables, e que... Sentín moita vergoña, non tiña excusas Vaia desastre de Súper Heroe que son!

Ao día seguinte, ao principio da clase, foi Ignacio, esta vez, o que nos enviou un código "Delta 5". Parecía moi preocupado. En canto saímos ao recreo, contounolo:

- Onte estiven a pensar en Petrolex, e sobre todo nos seus compañeiros. Entón recordei que, moitas veces, o meu primo e eu tiramos latas no regato do parque e xogamos a afundilas con pedras -dixo.

- E eu quería contarvos que non sempre recollo as cacas da miña cadela Noa cando a saco a pasear -dixo Emma.

Eu tamén contei o das mandarinas. Vaia fato de porcalláns!, pensei, e nese momento, encontrei a resposta que buscábamos.

- Iso é! -dixen- comportamentos como os nosos son os que axudaron a que o parque estivese así, nós somos os cómplices de Petrolex!, grazas a nós conseguiu os seus obxectivos!

- Entón que facemos? -dixo Ignacio.

- Todo o mundo debe coñecer a Petrolex, o perigoso que é e de que xeito o facemos máis forte. Sen a nosa axuda nunca conseguirá o que se propón -dixo Irene.

Percorremos cada clase do cole contándolles a tod@s o que descubrimos e a situación na que estaba o noso parque e, tod@s xunt@s, iniciamos unha campaña de información.

Dividímonos por grupos e forramos o parque coa imaxe de Petrolex, explicamos a todas as persoas que vimos quen era e como, sen sabelo, moitas veces estabamos a colaborar con el.

Ademais animamos a todo o mundo a unirse, o sábado seguinte, á nosa "Operación L" para limpar o parque e recuperar os seus espazos..



Foron moitas as persoas que participaron e conseguimos mellorar as cousas, aínda que tamén descubrimos que Petrolex non era un inimigo doado de vencer e que necesitabamos máis tempo para conseguir reparar todo o dano que causara no noso parque, ben grazas á nosa axuda, non podemos esquecerlo!

Este ano rematei os meus estudos na “Academia de Súper Heroes de Jotam”, e aprendín a recoñecer cales son os inimigos dun auténtico Súper Heroe e como lles axudamos a conseguir os seus obxectivos, pero, o máis importante, descubrín que un auténtico Súper Heroe nunca actúa só. Ninguén pode lograr grandes éxitos sen a colaboración de l@s demais.

Se tes que enfrontarte a unha misión moi difícil, alíate cos que buscan o mesmo ca ti, ademais descubrirás que son máis dos que cres! O mundo real está cheo de auténticos Súper Heroes con poderes para cambialo axudando ás/ó demais!

Únete a nós futur@ Súper Heroe!

